

Asunto: Modificación da Relación de postos de traballo do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña

ANTECEDENTES

PRIMEIRO: a Relación de postos de traballo (RPT) é o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal, consonte as necesidades dos servizos, e no que se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. É unha ferramenta imprescindible para a xestión do persoal e a planificación orzamentaria. Na súa elaboración debe observarse tanto a normativa propia da Universidade como a de rango superior, estatal e autonómica.

No que se retire á normativa especificamente universitaria, consonte o disposto no artigo 2.2. i) da Lei 6/2001, do 21 de decembro, orgánica de universidades, a autonomía das universidades comprende «o establecemento e a modificación das súas relacóns de postos de traballo», e será competencia do consello de goberno, segundo sinala o artigo 15, establecer liñas estratéxicas e programáticas na Universidade, así como as directrices e procedementos para a súa aplicación, no ámbito dos recursos humanos e económicos.

SEGUNDO: no ámbito da Universidade da Coruña, os seus Estatutos establecen nos artigos 91 e 92 que a Relación de postos de traballo do persoal funcionario de administración e servizos será revisada e aprobada preceptivamente cada dous anos polo Consello de Goberno, por proposta da Xerencia, tras a negociación preceptiva co órgano de representación sindical.

O proxecto de modificación da RPT remitirase á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, para a súa autorización pola Consellería de Facenda (Acordo sexto do Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia 2011-2015), e será informado polo Consello Social da UDC (artigo 75.3.h) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia).

TERCEIRO: a última e vixente RPT do PAS funcionario da UDC aprobouse no exercicio de 2013, polo que resultaba necesario iniciar o correspondente proceso de negociación colectiva co órgano de representación do PAS funcionario, proceso que se desenvolveu durante o presente exercicio 2015 e que finalizou mediante o acordo asinado o 20 de novembro de 2015.

Esta modificación da RPT resulta precisa para finalizar o acoplamento dos postos de traballo de persoal laboral fixo que foron obxecto de funcionarización na RPT aprobada en 2013. Próxima a finalización deste proceso de funcionarización da meirande parte do persoal laboral de carácter fixo, resulta xa necesario revisar o réxime das subescalas e subgrupos de clasificación das novas escalas especiais derivadas do dito proceso, co obxecto fundamental de facilitar os mecanismos de promoción e de carreira administrativa nestas escalas, aspecto principal deste expediente de revisión da RPT. Ademais, trátase tamén a estruturación organizativa necesaria dos postos de traballo das escalas informáticas, asignándoos a cada unha das súas áreas, de xeito que esta mellor organización contribúa a unha asignación de tarefas e proxectos más clara e eficiente neste ámbito estratéxico.

Por outra parte, esta revisión da RPT trata de dar resposta puntual a determinados obxectivos clave do Plan estratéxico UDC 2013-2020, aprobado no Claustro do 4 de decembro de 2013, nos retos de captación e xestión de fondos europeos, así como nos programas de internacionalización, que esixen o reforzo de recursos e a mellora das competencias lingüísticas dos postos de traballo da Oficina de Relacións Internacionais (ORI) e da Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación (OTRI). Finalmente, e para dar efectivo cumprimento ás obrigas establecidas pola LOU en materia de contabilidade analítica habilitase un novo posto de traballo na Xerencia.

A concreción destes cambios detállase na correspondente Memoria xustificativa que integra o expediente da RPT, sen que a modificación que se propón supoña incremento de gasto.

CUARTO: logo de presentar o pasado 26 de novembro este proxecto de modificación da RPT á autorización da Xunta de Galicia, a Consellería de Facenda, mediante resolución da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos do 14 de decembro, emite informe favorable por adaptarse o expediente ás dispoñibilidades orzamentarias, segundo a cláusula 6.^a do Acordo polo que se aproba o Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia 2011-2015.


Con estes antecedentes, o Consello de Goberno, na súa sesión do 16 de decembro de 2015, acordou aprobar a modificación da Relación de postos de traballo (RPT) do persoal de administración e servizos de 2015, polo que cómpre sometela ao informe do Consello Social da Universidade da Coruña.

Integran o expediente os seguintes documentos:

1. Memoria xustificativa da RPT
2. Relación de postos de traballo modificada
3. Táboas de custos da RPT vixente (2013) e modificada (2015), resumo da variación de custos e cadre de amortización/creación de postos
4. Acordo do 20 de novembro de 2015 sobre a modificación parcial da Relación de postos de traballo e promoción profesional do persoal de administración e servizos da Universidade da Coruña
5. Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda

De conformidade cos antecedentes expostos, ordénase remitir o expediente ao Consello Social para o seu informe na sesión plenaria que terá lugar o 16 de decembro de 2015.

A Coruña, 16 de decembro de 2015



O xerente

Juan M. Díaz Viloslada

SR. PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA